



Concello de Outeiro de Rei

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A PYMES E AUTÓNOMOS PARA CONTRIBUIR AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DURANTE A SUSPENSIÓN DA SÚA ACTIVIDADE CAUSADA POLA ALERTA SANITARIA DO COVID-19

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

A crise sanitaria do COVID-19 conlevou a adopción de medidas de distanciamento social que afectaron gravísimamente á actividade económica nacional.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, acordou a suspensión da apertura ao público dos locais e establecementos minoristas, a excepción dos establecementos comerciais minoristas de alimentación, bebidas, produtos e benes de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, médicos, ópticas e produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, peluquerías, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tintorerías e lavanderías.

O peche das actividades de comercialización e distribución deu lugar a unha caída da actividade económica sen precedentes en tempos de paz. Únicamente os conflitos bélicos abertos deron lugar a unha contracción tal brusca do PIB en tan escaso período temporal.

Froito de esta situación, numerosas PYMES e empresarios autónomos se ven nunha situación de peche total da actividade, ao tempo que seguen a xerar gastos, tales coma amortización de créditos, suministros básicos (tarifas mínimas de auga, luz, telecomunicacións, lixo, saneamento... etc), seguros sociais e obrigas tributarias.

Coa finalidade de paliar esta situación, a Comisión de seguimento do COVID-19 do Concello de Outeiro de Rei, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2020, acordou que, dentro das súas limitadas posibilidades orzamentarias e competenciais, se poña en marcha unha liña de axudas ás PYMES e autónomos ubicadas no termo municipal de Outeiro de Rei que, como consecuencia da alerta sanitaria, se viron na obriga de pechar a súa actividade un mínimo de quince días naturais consecutivos.

O importe da axuda toma coma referencia o importe das cuotas correspondentes aos consumos mínimos bimestrales dos servizos de auga, sumidoiro e lixo.

Coa finalidade de implantar esta medida, mediante Decreto da Alcaldía de data de 4 de maio de 2020 acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes Bases reguladoras do Programa de subvencións a PYMES e autónomos para paliar os gastos de suspensión da actividade causada pola alerta sanitaria do COVID-19:





Concello de Outeiro de Rei

PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A PYMES E AUTÓNOMOS PARA CONTRIBUIR AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DURANTE A SUSPENSIÓN DA SÚA ACTIVIDADE CAUSADA POLA ALERTA SANITARIA DO COVID-19

Base 1. Liñas xerais e dotación orzamentaria

O Concello de Outeiro de Rei, no marco das súas capacidades económicas e competencias e á vista da situación de excepcionalidade económica e social que estamos a vivir como consecuencia da suspensión de actividades comerciais, considera imprescindible aprobar unha liña de axudas dirixidas a PYMES e autónomos para contribuir ao financiamento de certos gastos correntes que seguen a afrontar os empresarios no contexto de peche obrigado da súa actividade.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 20.000 euros, que poderá ser ampliado até 50.000 euros no suposto de que sexa insuficiente para atender á totalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas presentes bases.

Base 2. Réxime xurídico

A relación xurdida da presente acción de fomento regúlase na seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Base 3. Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán obxecto desta convocatoria os gastos correntes que deban a seguir afrontando as PYMES e autónomos para evitar o peche definitivo da actividade do seu centro de traballo ubicado no termo municipal de Outeiro de Rei.

Concretamente, serán subvencionables os suministros de servizos declarados polo ordeamento xurídico como de interese económico xeral o como servizos esenciais, e cuxa retribución se efectúe mediante prezos, tarifas ou taxas.





Concello de Outeiro de Rei

3.2. Determinación do importe da subvención

Co gallo de establecer un criterio de asignación áxil e reducir as cargas administrativas, tanto aos solicitantes coma a propia Administración, o importe da subvención coincidirá co importe das cuotas liquidables ao solicitante correspondentes aos consumos mínimos bimestrais do servizo municipal de auga, lixo e alcantarillado.

3.3. Ámbito temporal

As actividades que se subvencionen conforme á convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 1 de maio de 2020.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrencia ao presente programa será compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as PYMES e empresarios autónomos con domicilio social e centro de traballo ubicado no termo municipal de Outeiro de Rei que, como consecuencia da suspensión de determinadas actividades acordada na declaración de estado de alarma, tiveran que pechar o centro de traballo por un período mínimo consecutivo de quince días.

Polo tanto, poderán acollerse os establecementos comerciais minoristas non citados no artigo 10.1 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; así coma as empresas produtoras e distribuidoras de ditos establecementos.

Non poderán acollerse aquelas que pechasen a súa actividade con anterioridade á declaración do estado de alarma, nin aquelas outras que declarasen o peche definitivo de actividade.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, co Concello de Outeiro de Rei e coa Tesourería da Seguridade Social.





Concello de Outeiro de Rei

6.2. Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

6.3. Teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

6.4. Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a Intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Base 7. Solicitudes

7.1. Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes axustaranse ao **formulario previsto no ANEXO I** da convocatoria e presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Non obstante, os autónomos que non exerzan funcións colexiadas poderán presentar a súa solicitude físicamente ante a oficina de asistencia en materia de rexistro.

Os prazos de presentación de solicitudes rematará o día **30 de maio de 2020**.

7.2. Documentación das solicitudes:

A documentación da solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- ✓ Documento acreditativo da representación do solicitante, para o caso das persoas xurídicas ou no suposto de que as persoas físicas actúen a través de representación.
- ✓ Copia do NIF ou CIF, así coma da declaración de alta do imposto de actividades económicas.
- ✓ Certificación dos datos bancarios da entidade, mediante documento expedido e sellado pola entidade financeira correspondente.
- ✓ Xustificación do gasto, que poderá substituírse pola solicitude de que se teña por xustifico o gasto coa aprobación da liquidación das taxas municipais dos servizos de





Concello de Outeiro de Rei

auga, lixo e sumidoiros.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Base 8. Resolución

8.1. Valoración das solicitudes:

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- Serán admitidas tódalas solicitudes cursadas por entidades con personalidade xurídica ou persoas físicas con domicilio fiscal no termo municipal de Outeiro de Rei, e que dispoñan dun centro productivo no termo municipal que, por mor da crise sanitaria COVID-19, estiva pechado un mínimo de 15 días naturais consecutivos entre o 12 de marzo de 2020 e o día 1 de maio. Polo tanto, deberase acreditar a apertura do centro productivo a data de 12 de marzo.

- O importe da achega determinarase por referencia ao importe da cuota correspondente ao consumo mínimo da actividade correspondente da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros e lixo.

8.2. Concesión

A concesión da subvención efectuarase por prioridade na presentación das solicitudes até o esgotamento do crédito orzamentario ou, de ser o caso, da súa ampliación.

A concesión e mailo ingreso se efectuará ao longo do mes de xuño de 2020.

A concesión da subvención será obxecto de notificación electrónica, e indicará o prazo de presentación da documentación xustificativa do gasto.

Base 9. Xustificación e pagamentos

9.1. Prazo de xustificación:

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30 de maio de 2020.

9.2. Consideracións xerais:





Concello de Outeiro de Rei

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

Coa finalidade de minorar as cargas administrativas (minoración especialmente necesaria nun contexto de restricción da mobilidade e de suspensión dos prazos administrativos), e ante a innecesariedade da Administración de solicitar datos que obren no seu poder, poderase entender xustificado o gasto coa declaración do solicitante da axuda dos gastos derivados da liquidación das taxas dos servizos de auga, lixo e sumidoiros.

Dita declaración acompañarase de unha declaración responsable de que o importe agregado das axudas concedidas ou solicitadas a outras Administracións ou entes públicos ou privados no exceden do 100% do importe do gasto subvencionable.

9.3 O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.5. Documentación xustificativa:

I). No suposto de que o solicitante opte por imputar á xustificación da achega os gastos propios das liquidacións das taxas correspondentes ao segundo bimestre de 2020 de auga, lixo e sumidoiros, no se requerirá a aportación de documentación xustificativa adicional ao modelo de solicitude.

II) No suposto de que o solicitante non opte por imputar á achega os gastos propios das liquidacións das taxas correspondentes ao segundo bimestre de 2020 de auga, lixo e sumidoiros, a documentación xustificativa consistirá nunha conta xustificativa simplificada que comprenda a seguinte documentación:

- a) Memoria das actividades realizadas e do cumprimento das condicións impostas na concesión, que se cubrirá segundo o modelo fornecido pola Deputación, que deberá asinar a persoa representante da entidade, identificando o persoal técnico responsable do programa co seu cargo, nome e apelidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable.

Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.





Concello de Outeiro de Rei

- c) Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, incluíndo os cobros ás persoas usuarias da actividade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade

Base 10. Incumprimentos e sancións

O procedemento sancionador está regulado na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Outeiro de Rei coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Outeiro de Rei <https://outeiroderei.sedelectronica.gal> ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon ao seu dispor un modelo de solicitude no apartado “Administración Xeral” – “Protección de datos”.

SEGUNDO- Aprobar a convocatoria das subvencións en réxime de concurrencia competitiva, ordenando a súa publicación no BOP de Lugo e máis no taboleiro de edictos municipal.

E para que así conste, asina o presente dixitalmente en Outeiro de Rei,; O Alcalde

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE SUBVENCIÓN A PYMES E AUTÓNOMOS PARA CONTRIBUIR AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DURANTE A SUSPENSIÓN DA SÚA ACTIVIDADE CAUSADA POLA ALERTA SANITARIA DO COVID-19





Concello de Outeiro de Rei

Don/Dona _____
con DNI nº _____, en calidade de representante da

con CIF _____

Á vista das bases de subvención a pymes e autónomos para contribuir ao financiamento de gastos correntes durante a suspensión da súa actividade causada pola alerta sanitaria do covid-19, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúno os requisitos esixidos na convocatoria **SOLICITO** ao Concello de Outeiro de Rei o outorgamento da subvención para o financiamento dos gastos de suministro de servizos esenciais ou declarados de interese xeral durante o período de suspensión da actividade.

Asemade:

DECLARO RESPONSABLEMENTE

I. Que _____, con NIF/CIF _____ e domicilio fiscal en _____
_____ exerce a actividade de _____
_____, no centro de traballo sito en _____

Que dita empresa, por mor da suspensión de actividades acordada no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, viuse na obriga de pechar a súa actividade o día de entrada en vigor de dito Real Decreto.

Que dito peche se mantivo até o día

Que non se efectuará o peche definitivo da actividade.

II. Que a Entidade que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia tributaria de Galicia e co Concello de Ferrol; así como das súas obrigas coa Seguridade Social.

III. Que a Entidade que represento non está incurso en ningunha prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora de subvencións.

IV. Que en relación con outras axudas ou ingresos públicos ou privados, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada, a entidade que represento:

NON solicitou outras axudas para a mesma finalidade





Concello de Outeiro de Rei

() SÍ solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Administración ou entidade á que solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS NA AEAT

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, AUTORIZO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, a comprobar e solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias que obren na mesma respecto á entidade representada.

A presente autorización é única e exclusivamente para os trámites relacionados coa tramitación da subvención solicitada.

SOLICITUDE DE QUE SE TEÑA POR XUSTIFICADO O GASTO CON CARGO ÁS LIQUIDACIÓNS DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

Coa finalidade de minorar a carga administrativa de xustificación (marcar a que corresponda):

- Solicito que se teña por xustificado o gasto con cargo ás liquidacións tributarias das taxas de auga, lixo e sumidoiros.
- NON solicito que se teña por xustificado o gasto con cargo ás liquidacións tributarias das taxas de auga, lixo e sumidoiros, comprometéndome a aportar a documentación xustificativa do gasto.

En Outeiro de Rei, a de maio de 2020

O solicitante: Asdo.:

